

PREMIOS ANDAINA

VIII CERTAME DE DEBUXO ESCOLAR

Unha oportunidade para compartir

Convócanse os sétimos premios da Asociación Andaina Redondela de persoas con necesidades especiais.

Para quén?

8º certame de debuxo escolar.

Para alumnado de primaria dos centros educativos participantes no festival FICANDAINA.



Educando na diversidade

O fin da nosa asociación é mellora-la calidade de vida das persoas con necesidades educativas específicas e a das súas familias e, entre os nosos obxectivos, consideramos primordial a integración social das nosas nenas e nenos no ámbito escolar, familiar, e en tódalas esferas da sociedade. Para ese fin coidamos que entre todos debemos facer un esforzo para normalizar a diferenza.



Bases:

1. O certame vai dirixido a todos os alumnos de primaria que participen nas proxeccións para escolares do VIII Festival internacional de curtametraxes e diversidade "FICANDAINA 2020"
2. Esta actividade está incluída dentro do programa da Asociación Andaina para a concienciación social sobre a atención a diversidade
3. Establécese unha única categoría individual de estilo libre que será entregada en cartolina ou folio tamaño A4.
4. A temática dos debuxos, será a diversidade funcional, vista dende os alumnos.
5. Os traballos irán identificados no seu reverso cun número, que corresponderá nun listado, co nome do alumno, clase e colexio.
6. Os traballos , xunto co listado, recolleranse o mesmo día das proxeccións e virán nun sobre pechado, por cada clase participante.
7. O xurado terá en conta especialmente a creatividade, a expresión artística e a sensibilidade hacia as nenas e os nenos con necesidades especiais.
8. O propio día das proxeccións, o xurado fará elección de dous traballos por clase, que serán expostos no multiusos durante a semana do festival e pasarán a formar parte dos finalistas que opten ao premio final. Os seleccionados coma finalistas serán galardonados cun agasallo o propio día da proxección.
9. O premio final, dotado con 50€ para o alumno e 100€ en material escolar para a súa clase, darase a coñecer na entrega dos premios Andaina, que se celebrará o 15 de Marzo do 2020 coincidindo co remate do Festival.
10. A participación neste certame supón a aceptación de cada un dos puntos que conforman estas bases. Os debuxos pasarán a ser propiedade da Asociación Andaina Redondela a efectos da súa difusión e publicación

Bases recollidas en :
www.asociacionandaina.com
Asociación Andaina de persoas
con nnee de Redondela
986 115 422-698126334

